

DOMINGO II DE PASCUA

43.-

PRIMEIRA LECTURA

Tódolos crentes vivían unidos e tiñan todo en común

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos **2, 42-47**

Os irmáns eran perseverantes en escoita-la ensinanza dos apóstolos, na comuñón da vida, no rito de partiren o pan, e nas oracións. Apoderouse de todos o respecto, pois os apóstolos facían moitas marabillas e sinais.

Tódolos crentes vivían unidos e tiñan todo en común: vendían os seus bens e propiedades, e repartíanos entre eles, conforme as necesidades de cada un.

Todos a unha asistían diariamente ó templo, partían o pan nas casas, comendo con alegría e sinxeleza de corazón; loaban a Deus, e eran ben vistos por todo o pobo.

Cada día o Señor aumentaba o número dos salvos e xuntábaos ó grupo.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 117, 2-4. 13-15. 22-24 (R.: 1)

R.: Loade o Señor, porque é bo,
porque é para sempre a súa misericordia.

Ou:

Aleluia.

Que o diga a casa de Israel:
é para sempre a súa misericordia.
Que o diga a casa de Aharón:
é para sempre a súa misericordia.
Que o digan os que temen o Señor:
é para sempre a súa misericordia. **R.**

Empurraban e empurraban para tirarme,
pero o Señor axudoume.
A miña forza e o meu cántico é o Señor,
El é a miña salvación.
Hai un clamor de gozo e de victoria
nas tendas dos xustos:
a destra do Señor fixo proezas. **R.**

A pedra que os canteiros desbotaron,
esa mesma, converteuse en esquinal.
Foi o Señor quen o fixo,
unha marabilla á nosa vista.
Este é o día no que o Señor actuou:
alegrémonos nel e relouquemos. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Rexeneróuseno-la esperanza viva pola resurrección de Xesús Cristo de entre os mortos

Lectura da primeira carta do apóstolo san Pedro **1, 3-9**

¡Loado sexa o Deus e Pai do noso Señor Xesús Cristo!

Que pola súa grande compaixón, resucitou a Xesús Cristo da morte e nos fixo renacer a unha vida que se nos dá en esperanza, a unha herdanxa que non se corrompe nin afea, nin murcha, predeterminada por Deus para vós; gracias á fe que vós tedes, estades protexidos polo poder de Deus con vistas á salvación que está para se manifestar, no intre final.

Por iso brincades de alegría, anque agora, se fai falta, teñades que sufrir por un pouco tempo diferentes probas. Deste xeito, o xenuíño da vosa fe ten máis valía có ouro —que, a pesar de ser pasadío, aquilata no lume— e considérase merecente de loanza, gloria e honra cando se revele Xesús Cristo. A quen amades sen o ter visto; en quen credes, aínda sen o ver; e brincades, cheos dunha alegría indicible e gloriosa, porque conseguíste-lo froito da vosa fe, a vosa salvación persoal.

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 20, 29

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Porque me viches, Tomé, tes fe, di o Señor;
ditosos os que creron sen veren.

Aleluia.

EVANXEO**Pasados oito días, veu Xesús****+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 20, 19-31**

Naquel día, o primeiro da semana, ó serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús e, poñéndose no medio, díxolles:

—«Paz convosco.»

Dito isto, mostróulle-las mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez:

—«Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.»

E dito isto alentou sobre eles e díxolles:

—«Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoéde-los pecados, quedaranllas perdoados; a quen llelos reteñades, quedaranllas retidos.»

Pero Tomé, un dos Doce, o chamado Xemelgo, non estaba con eles cando chegou Xesús.

Dicíanlle entón os outros discípulos:

—«Vímo-lo Señor.»

Pero el contestoulles:

—«Como non vexa nas súas mans as furas dos cravos e non meta nelas o meu dedo; como non meta a miña man no seu costado, non crerei.»

Oito días despois estaban outra vez dentro os discípulos, e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, e poñéndose no medio, dixo:

—«Paz convosco.»

Despois díxolle a Tomé:

—«Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado. Non sexas incrédulo, senón home de fe.»

Tomé respondeulle:

—«¡Meu Señor e meu Deus!»

Xesús díxolle:

—«¿Tes fe porque me viches? ¡Benia os que creron sen veren!»

Moitos outros signos fixo Xesús diante dos seus discípulos, que non se escribiron neste libro. Estes escribiríronse para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus, e, crendo, teñades vida nel.

Palabra do Señor.

DOMINGO III DE PASCUA

46.-

PRIMEIRA LECTURA

Era imposible que fora retido pola morte

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 2, 14. 22-33

O día de Pentecostés, Pedro, de pé cos Once, levantou a voz e díxolle:

—«Xudeus e tódolos que habitades en Xerusalén: entendede ben e escoitade as miñas palabras:

Fálovos de Xesús de Nazaret, home acreditado por Deus diante de vós por milagres, marabillas e sinais que Deus fixo por el entre vós, como vós mesmos sabedes; a este, entregado conforme ó plan establecido e á previsión de Deus, matástelo crucificándoo por man de impíos. Pero Deus resucitouno, librándoo das dores da morte, pois non era posible que ficase baixo o seu dominio. Xa David di del:

“Eu vía decote o Señor diante miña,
xa que está á miña dereita, para que eu non vacile;
por iso alegrouse o meu corazón
e alelouse a miña lingua,
e mesmo a miña carne acougará esperanzada;
porque non abandonara-la miña alma
no sitio dos mortos
nin permitirás que o teu santo vexa a corrupción.
Déchesme a coñecer camiños de vida,
encherasme de gozo coa túa presencia.”

Irmáns, permitide que vos diga claramente que o patriarca David morreu e enterrárono e o seu sepulcro aínda está hoxe entre nós.

Pero, como el era profeta e sabía que Deus lle asegurara con

xuramento que un descendente do seu sangue había sentar no seu trono, en visión profética falou da resurrección do Mesías, que nin quedou abandonado entre os mortos nin a súa carne viu a corrupción.

A este Xesús resucitouno Deus, cousa da que todos nós somos testemuñas. E agora, engrandecido pola dereita de Deus e recibido do Pai o prometido Espírito Santo, espallouno, que é o que vós vedes e sentides.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 15, 1-2a e 5. 7-8. 9-10. 11 (R.: 11a)

R.: Has amosarme, Señor, camiños de vida.

Ou:

Aleluia.

Gárdame, Deus, que en ti busco agarimo.

Eu declaro ó Señor: «Ti e-lo meu dono,
Ti es, Señor, a porción da miña herdade e do meu cáliz,
está nas túas mans o meu porvir.» R.

Bendigo o Señor que me aconsella,
e ata de noite me ensina no meu íntimo.
Teño sempre presente o Señor,
con el ó meu lado non vou vacilar. R.

Por iso o meu corazón está contento,
as miñas entrañas reloucan
e o meu corpo descansa seguro,
pois non abandonarás no abismo a miña vida,
nin deixarás que o teu santo vexa a corrupción. R.

Has amosarme camiños de vida,
has encherme onda ti de ledicia,
de gozo sen fin ó teu lado. R.

SEGUNDA LECTURA

Fostes redimidos polo precioso sangue do Año Inmaculado,Cristo

Lectura da primeira carta do apóstolo san Pedro 1, 17-21

Benqueridos irmáns:

Aínda que lle podedes chamar Pai ó que xulga con imparcialidade as obras de cada un, comportádevos con respecto durante o tempo do voso peregrinar.

Porque xa vedes que non vos rescataron dese tipo idolátrico de vida, que recibistes dos vosos pais, con algo perecedeiro, tal coma ouro ou prata; senón que vos rescataron co precioso sangue de Cristo, Año sen defecto nin tacha.

El xa estaba escollido de antes da creación do mundo pero presentouse nos derradeiros tempos para o voso ben. Por medio del tedes fe en Deus que o resucitou da morte e o glorificou, e dese xeito a vosa fe e a vosa esperanza están postas en Deus.

Palabra do Señor.

Aleluia Cf. Lc 24, 32

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Señor Xesús, descúbreno-lo sentido das Escrituras;
fai arde-lo noso corazón mentres nos falas.

Aleluia.

EVANXEO

Recoñecérono na fracción do pan

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 24, 13-35

Naquel día, o primeiro da semana, dous dos discípulos ían camiño de Emaús, unha aldea que está a uns dez quilómetros de Xerusalén.

Ían falando de tanto pasara. E resulta que mentres parolaban e discutían, Xesús en persoas, achegouse e camiñaba canda eles. Pero os seus ollos estaban incapacitados para o recoñeceren. Entón preguntoulles:

—«¿De que ides falando polo camiño?»

Eles pararon cun semblante moi tristeiro, e Cleofás, un deles, respondeulle:

—«¿Seica es ti o único forasteiro en Xerusalén, que non sabe nada do que pasou alí durante estes días?»

El preguntou:

—«¿De que, logo?»

Eles contestaron:

—«Do asunto de Xesús o Nazareno, que foi un profeta poderoso en obras e palabras, ante Deus e ante o pobo todo; de como os nosos sumos sacerdotes e demais xefes o condenaron á morte e o crucificaron.

Nós esperabamos que el fose quen liberase a Israel; pero xa van alá tres días desde que pasaron estas cousas. Claro que algunas mulleres das nosas déronnos un susto, porque foron ó risca-lo día ó sepulcro, e, ó non atoparen o corpo, volveron falando dunha visión de anxos, que lles aseguraron que el vive. E algúns dos nosos alá foron ó sepulcro, atopando todo como as mulleres dixeran; pero a el non o viron.»

Entón díxolle:

—«¡Que parvos e lentos sodes para crer todo o que anunciaron os profetas! E logo ¿non cumplía que o Cristo padecese todo isto, antes de entrar na súa gloria?»

E comezando por Moisés e tódolos profetas, foilles interpretando o que as Escrituras falaban del.

Ó entraren na aldea onde ían, fixo coma quen quería seguir para adiante. Pero eles porfiáronlle, dicindo:

—«Queda connosco, porque se fai tarde, e a noite bótase enriba.»

Quedou con eles. E mentres estaban na mesa, colleu o pan, bendiciuno e partiuno e déullelo. Entón abríronselle-los ollos e recoñecérono; pero el desapareceu. E dixerón:

—«¿Non ardía o noso corazón, cando nos falaba polo camiño, interpretándono-las Escrituras?»

E levantándose axiña, volveron a Xerusalén. Alí atoparon os Once reunidos cos seus acompañantes, que dicían:

—«É certo, o Señor resucitou e aparecéuselle a Simón.»

Eles tamén contaron o que lles pasara polo camiño, e como o recoñeceran no parti-lo pan.

Palabra do Señor.

DOMINGO IV DE PASCUA

49.-

PRIMEIRA LECTURA

Deus constituíuno Señor e Cristo

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 2, 14a. 36-41

O día de Pentecostés, Pedro, de pé cos Once, levantou a voz e díxo:

—«Saiba con certeza toda a casa de Israel que Deus fixo Señor e Mesías a este Xesús a quen vós crucificastes.»

Ó sentiren isto, quedaron moi impresionados e dixéronlle a Pedro e ós outros apóstolos:

—«Irmáns, ¿que debemos facer?»

Pedro respondeulle:

—«Arrepentídevos e cambiade, que cada un de vós se faga bautizar no nome de Xesús para o perdón dos seus pecados, e recibiréde-lo don do Espírito Santo. Porque a promesa é para vós e mais para os vosos fillos e para tódolos que están lonxe, tantos como queira chamar o Señor, noso Deus.»

Con moitas outras palabras testificaba e animábaos, dicindo:

—«Salvádevos desta xeración ruín.»

Os que recibiron a súa palabra foron bautizados: e ese mesmo día xuntáronselles arredor de tres mil almas.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 22, 1-3a. 3b-4. 5. 6 (R.: 1)

R.: O Señor é o meu pastor: nada me falta.

Ou:

Alcluia.

O Señor é o meu pastor, nada me falta:
En pastos verdecentes faíme reposar.
El lévame a beber en augas tranquilas
e repón as miñas forzas. **R.**

Guíame por vereas rectas,
por mor do seu nome.
Se tiver de pasar por valgadas sombrizas,
ningún mal temería, pois ti vas comigo:
o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego. **R.**

Ti pos para min a mesa,
á cara dos meus inimigos;
únxesme con perfume a cabeza,
e a miña copa reborda. **R.**

O teu benquerer e a túa misericordia vanme seguindo
tódolos días da miña vida.
Eu habitarei na casa do Señor
por días prolongados sen fin. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Convertéstevos ó pastor das vosas almas

Lectura da primeira carta do apóstolo san Pedro **2, 20b-25**

Benqueridos irmáns:
Se vos portades ben e, mesmo así, aguantades sufrimentos, isto
é precioso ós ollos de Deus. De feito chamouvos Deus para isto,
porque tamén Cristo sufriu por vós, deixándovos así un exemplo
para que sigáde-los os seus pasos.

El, que non fixo pecado,
nin engano se atopou na súa boca,
cando o aldraxaban, non devolvía aldraxes;
mentres sufría, non ameazaba,
senón que se puña nas mans do que xulga con xustiza.
No seu corpo, el ofrendou os nosos pecados sobre a cruz,
para que nós, mortos ó pecado,
vivamos para a xustiza:
curáronno-las súas chagas.

Era des coma ovellas extraviadas, pero agora volvéstesvos ó voso pegureiro e pastor.

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 10, 14

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Eu son o bo pastor, di o Señor;
coñezo as miñas ovellas e elas coñécenme a min.
Aleluia.

EVANXEO

Eu son a porta das ovellas

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 10, 1-10

Naquel tempo, díxolles Xesús ós fariseos:

—«Con toda verdade volo aseguro: o que non entra pola porta no curral das ovellas, senón que sobe por outra parte, é un ladrón e un bandido.

En cambio, quen entra pola porta é o pastor das ovellas. A ese ábrelle o porteiro, e as ovellas escoitan a súa voz. Chama as súas polo nome e lévaas a fóra. Cando as dá sacado a todas, vai diante delas e as ovellas ségueno, pois recoñecen a súa voz.

Pero a un alleo non o seguirán, senón que fuxirán del, pois non coñecen a voz dos alleos.»

Díxolles Xesús esta alegoría, mais eles non coñeceron que era o que lles daba a entender.

Entón díxolles de novo:

—«Con toda verdade volo aseguro: eu son a porta das ovellas. Tódolos que viñeron antes ca min eran ladróns e bandidos; pero as ovellas non os escoitaron. Eu son a porta; se alguén entra por min, salvarase: entrará e sairá e atopará pasto.

O ladrón non entra senón para roubar, matar e estragar. Eu vin para que teñan vida e para que a teñan de abondo.»

Palabra do Señor.

DOMINGO V DE PASCUA

52.-

PRIMEIRA LECTURA

Escoleron sete varóns cheos do Espírito Santo

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos **6, 1-7**

Por aqueles días, como ía medrando o número dos discípulos, orixinouse un descontento dos helenistas contra os hebreos, porque se desatendía ás viúvas de fala grega no servicio diario. Entón os Doce reuniron a asemblea dos discípulos e dixeron:

—«Non está ben que deixémo-la palabra de Deus para nos dedicarmos ó servicio das mesas.

Polo tanto, irmáns, escollede de entre vós sete homes de bo creto, cheos de Espírito e sabedoría, e poñerémolos para este oficio. Nosoutros continuaremos dedicados á oración e ó servicio da palabra.»

A proposta gustou á asemblea, e elixiron a Estevo, home cheo de fe e do Espírito Santo, a Filipe e Prócoro, Nicanor, Timón, Pármenas e Nicolao, prosélito de Antioquía; presentáronllelos ós apóstolos, e, despois de orar, impuxéronlle-las mans.

A palabra de Deus crecía, e medraba moito o número dos discípulos en Xerusalén e unha gran cantidade de sacerdotes aceptaban a fe.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 32, 1-2. 4-5. 18-19 (R.: 22)

R.: Veña a nós, Señor, a túa misericordia, como de ti o esperamos.

Ou:

Aleluia.

Alegrádevos, xustos, no Señor:
 ós homes rectos acáelles loarte.
 Festexade o Señor coa cítola,
 tocade para el con arpa de dez cordas. R.

A palabra do Señor é recta
 e tódalas súas obras son leais:
 el ama o derecho e a xustiza,
 a súa misericordia enche a terra. R.

Os ollos do Señor están postos nos que o temen,
 nos que esperan na súa misericordia,
 para libra-las súas vidas da morte,
 para os manter no tempo da miseria. R.

SEGUNDA LECTURA

Vós sodes raza escolleita, sacerdocio de reis

Lectura da primeira carta do apóstolo san Pedro 2, 4-9

Benqueridos irmáns:

Ó achegárdesvos ó Señor, pedra vivificadora —de refugallo para os homes, pero pedra escollida e aprezada ós ollos de Deus—, sede tamén vós, coma pedras vivas, parte da construcción do templo espiritual: para os cultos dun sacerocio santo e para ofrecer sacrificios espirituais, aceptables a Deus por medio de Xesús Cristo. Por iso lese na Escritura:

«Ollade que eu poño en Sión unha pedra angular,
 escollida e digna de honra,
 de xeito que quen confíe nela, non levará desengano.»

A súa honra é para vós, os que credes, pero para os que non cren é a «pedra que refugaron os canteiros e que se converteu en esquinal», e aínda máis: en pedra onde se tropeza, en couce onde un se esnafra.

Eles tropezan contra a Palabra, porque non lle fixeron caso: tropezar era o seu destino.

Pero, en cambio, vós sodes raza escollida, sacerdocio de reis, nación santa, pobo adquirido por Deus, para pregoárde-las marabillas daquel que vos chamou das tebras á súa luz admirable.

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 14, 6

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Eu son o camiño, a verdade e a vida, di o Señor;
ninguén chega onda o Pai máis ca por min.
Aleluia.

EVANXEO

Eu son o camiño e a verdade e a vida**+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 14, 1-12**

Naquel tempo, díxolle Xesús ós seus discípulos:

—«Non vos agoniedes: crede en Deus e mais crede en min. Na casa do meu Pai hai moitas moradas; doutro xeito, ¿teríavos dito que vos ía arranxar un lugar?

E cando vaia e vos arranxe un lugar, volverei e collereivos comigo, para que, onde estea eu, esteades tamén vós. E a onde eu vou, vós ben sabéde-lo camiño.»

Dille Tomé:

—«Señor, se non sabemos onde vas, ¿como imos sabe-lo camiño?»

Xesús respondeulle:

—«Eu son o camiño, a verdade e a vida: ninguén chega onda o Pai máis ca por min. Se me coñecedes, coñeceríades tamén a meu Pai; anque xa desde agora o coñecedes e o tedes visto.»

Filipe díxolle:

—«Señor, móstrano-lo Pai e abóndanos.»

Xesús replicoulle:

—«Pero, Filipe, ¿levo tanto tempo convosco e aínda non me coñeces? Quen me viu a min, viu o Pai. ¿Como dis entón: “Móstrano-lo Pai”?»

¿Non cres que eu estou no Pai e o Pai en min? As palabras que eu vos digo non as falo pola miña conta; é o Pai, que permanece en min, quen fai as súas obras.

Crédeme que eu estou no Pai e o Pai en min. Se non, polo menos crede por esas mesmas obras.

Con toda verdade volo aseguro: quen cre en min fará el tamén as obras que eu fago, e faraas meirandes aínda, pois estou para irme onda o Pai.»

Palabra do Señor.

DOMINGO VI DE PASCUA

Onde a Ascensión do Señor se celebra o domingo seguinte, no Domingo VI da Pascua pódense ler a segunda lectura e o evanxeo do domingo VII (níms. 59-61).

55.-

PRIMEIRA LECTURA

Impuxéronlle-las mans e recibían o Espírito Santo

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 8, 5-8. 14-17

Naqueles días, Filipe baixou á cidade de Samaría e predicóulle-lo Mesías. O pobo, dun acordo, atendía ó que dicía Filipe, sentindo e vendo os sinais que facía; pois de moitos posuídos saían espíritos impuros a berros, e moitos paralíticos e coxos quedaban curados.

A cidade encheuse de alegría.

Ó sentiren dici-los apóstolos, que estaban en Xerusalén, que Samaría acollera a palabra de Deus, mandáronlles a Pedro e a Xoán.

Baixaron logo alí, e oraron polos samaritanos, para que recibisen o Espírito Santo, pois aínda non baixara sobre ningún deles: só os bautizaran no nome do Señor Xesús.

Entón, fóreronlles imponendo as mans e recibiron o Espírito Santo.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 65, 1-3a. 4-5. 6-7a. 16 e 20 (R.: 1)

R.: Aclama a Deus, terra enteira.

Ou:

Aleluia.

Aclama a Deus, terra enteira,
canta a gloria do seu nome;
réndelle o honor da loanza,
dille: «¡Que sorprendentes son as túas obras!» R.

Próstrase a terra toda diante de ti
e canta salmos ó teu nome.
Vinde e vede as obras do Señor,
os seus sorprendentes feitos entre os homes. R.

El mudou o mar en terra seca
e pasaron o río a pé:
felicitémonos por iso.
Co seu poder domina o mundo. R.

Vide os que teméde-lo Señor,
e contaréivo-llo que el fixo por min.
Bendito sexa Deus,
que non desbotou a miña súplica
nin afastou de min o seu amor. R.

SEGUNDA LECTURA

Mortal na carne, pero vivificado no espírito

Lectura da primeira carta do apóstolo san Pedro 3, 15-18

Benqueridos irmáns:

Adorade a Cristo como Señor, estade sempre dispostos a responder a todo aquel que vos pida razón da esperanza que levades dentro.

Pero respondede con bo xeito e con respecto; tede a conciencia limpia, de xeito que os que desprezan o voso bo comportamento cristián, se vexan confundidos naquilo mesmo de que vos calumrien.

Pois sempre sería mellor sufrir, se tal fose a vontade de Deus, por facérde-lo ben, que por facérde-lo mal.

Tamén Cristo morreu unha vez polos vosos pecados, o xusto polos pecadores, para vos achegar a Deus; sufriu a morte na carne, pero recibiu vida no espírito.

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 14, 23

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Se alguén me ama gardará a miña palabra, di o Señor;
e o meu Pai amaraoo e viremos a el.

Aleluia.

EVANXEO

Pedireillo a meu Pai e ha darvos outro Paráclito

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 14, 15-21

Naquel tempo díxolle Xesús ós seus discípulos:

—«Se me amades, gardaréde-los meus mandamentos, e eu rogareille ó Pai, e daravos outro Paráclito para que decote estea convosco: o Espírito da Verdade.

O mundo non o pode acoller, pois non o ve nin o coñece; mais vós coñecédelo, pois permanece onda vós e está en vós.

Non vos deixarei orfos; logo volvo onda vós. Un pouquiño máis e o mundo xa non me verá; pero vós habédesme ver, que eu vivo e tamén vós habedes vivir.

Naquel día coñeceredes que eu estou en meu Pai, e vós en min, e eu en vós. Quen ten os meus mandamentos e os garda, ese áma-me; o que me ama será amado por meu Pai, e eu amareino e manifestareime a el.»

Palabra do Señor.

58.-

Domingo VII de Pascua

Nos lugares onde a Ascensión do Señor se celebra o xoves da semana VI do tempo pascal, hoxe empréganse as lecturas do domingo VII de Pascua, núms. 59-61.

A ASCENSIÓN DO SEÑOR

PRIMEIRA LECTURA

Elevouse á vista deles

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 1, 1-11

O primeiro libro fíxeno, Teófilo, acerca de todo o que Xesús obrou e ensinou desde o comezo, ata o día que foi levado ó ceo, logo de ter dado instruccións polo Espírito Santo ós apóstolos que escollera.

Ós mesmos que tamén se lles amosara vivo, con moitas probas despois da súa paixón, aparecéuselles durante corenta días e faláballes das cousas referentes ó Reino de Deus.

E comendo con eles, encomendoulles que non se retirasesen de Xerusalén, senón que agardasen a promesa do Pai que me escoitastes a min: porque Xoán bautizou con auga, mais a vós bautizarásevos co Espírito Santo, de aquí a poucos días.

Os que estaban reunidos preguntábanlle:

—«Señor, ¿é agora cando vas restablece-lo Reino de Israel?»

El respondeulles:

—«Non vos acae a vós coñece-lo tempo ou a oportunidade que o Pai fixou co seu propio poder. Pero recibiréde-la forza do Espírito Santo, que virá sobre vós e seréde-las miñas testemuñas en Xerusalén, en toda a Xudea e Samaría e ata os confíns da terra.»

En dicindo isto, elevouse á vista deles e unha nube quitóullelo da súa vista. E estando eles fitando para o ceo mentres el marcha-

ba, presentáronselles dous homes con vestidos brancos, que dixeron:

—«Galileos, ¿que facedes ollando para o ceo? Este Xesús que vos foi levado de entre vós ó ceo, ha volver do mesmo xeito que o vistes ir.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 46, 2-3. 6-7. 8-9 (R.: 6)

R.: Deus sobe entre aclamacións,
o Señor, ó son de trompetas.

Ou:

Aleluia.

Aplaudide, pobos todos,
aclamade a Deus con cancións.
O Señor é excelso e terrible,
o gran rei de toda a terra. **R.**

Deus sobe entre aclamacións,
o Señor, ó son de trompetas.
Cantádelle a Deus, cantádelle,
cantádelle ó noso rei, cantádelle. **R.**

Deus é o rei de toda a terra:
cantádelle con xeito.
Deus reina sobre as nacións,
sentado no seu trono sagrado. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Sentouno á súa dereita no ceo

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Efesios **1, 17-23**

Irmáns:

O Deus do noso Señor Xesús Cristo, o Pai da gloria, vos concede espírito de sabedoría e de revelación, para o coñecerdes ben; que manteña iluminados os ollos da vosa alma, para que comprendades cal é a esperanza da súa chamada, cal a riqueza da gloria da súa

verbo de nós, os crentes, en consonancia co vigor da súa potencia e da súa força, que exerceu con Cristo resucitándoo de entre os mortos e sentándoo á súa dereita nos ceos, por riba de todo principado e potestade, de toda virtude e dominación, e por riba de todo título de honra recoñecido neste mundo e tamén no vindeiro.

Someteullo todo baixo os seus pés e púxollo por riba de todo como cabeza á Igrexa, que é o seu corpo, a plenitude daquel que o enche todo en tódalas cousas.

Palabra do Señor.

Aleluia Mt 28, 19a. 20b

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Ide e ensinade a tódalas xentes, di o Señor:
eu estou convosco tó dolos días ata a fin do mundo.

Aleluia.

EVANXEO

Déuseme todo poder no ceo e mais na terra

+ Lectura do final do santo Evanxeo segundo Mateo 28, 16-20

Naquel tempo, on once discípulos foron a Galilea, ó monte onde Xesús os citara. Vendo a Xesús, prostráronse perante el, anque algúns dubidaban.

Entón acercouse Xesús e díxolle:

—«Déuseme todo poder no ceo e mais na terra. Ide, pois, e facede discípulos meus a tódolos pobos, bautizándoos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo, ensinándolles a gardar canto vos mandei. Asegúrovos que eu estarei sempre convosco ata a fin do mundo.»

Palabra do Señor.

59.-

DOMINGO VII DA PASCUA

As seguintes lecturas usaránse onde a Ascensión do Señor se celebrou o xoves da semana VI do tempo pascual.

PRIMEIRA LECTURA

Perseveraban unánimes na oración

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 1, 12-14

Despois de que Xesús subiu ó ceo, os apóstolos volveron para Xerusalén desde o chamado Monte das Oliveiras, que está cerca de Xerusalén: distante o camiño que se pode facer en sábado.

Despois de que chegaron, subiron ó cuarto de arriba, onde residían Pedro, Xoán, Santiago, Andrés, Filipe, Tomé, Bartolomeu, Mateo, Santiago o de Alfeo, Simón o Zelota e Xudas o de Santiago.

E todos eles dedicábanse conxuntamente á oración, con algunas mulleres e mais María, a nai de Xesús, e cos seus irmáns.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 26, 1. 4. 7-8a (R.: 13)

R.: Eu espero gozar da bondade do Señor na terra da vida.

Ou:

Aleluia.

O Señor é a miña luz e salvación,
¿a quen hei de temer?

O Señor é a protección da miña vida,
¿diante de quen hei tremer? **R.**

Unha cousa lle pido ó Señor,
 unha soa eu procuro:
 habitar na casa do Señor
 tódolos días da miña vida,
 para gozar da dozura do Señor,
 e contempla-lo seu templo. R.

Escoita, Señor, a miña voz, que estou clamando,
 ten misericordia de min, respóndeme.
 O meu corazón dixo de ti:
 «Buscade o meu rostro.» R.

SEGUNDA LECTURA

Ditosos os que sodes maltratados polo nome de Cristo

Lectura da primeira carta do apóstolo san Pedro 4, 13-16

Benqueridos irmáns:

Alegrádevos, conforme ides tendo parte nos sufrimentos de Cristo, para que deste xeito cando se manifeste a súa gloria poidades tamén alegrarvos xubilosos.

Se se burlan de vós por serdes cristiáns, felicitádevos, porque o Espírito da gloria, isto é, o Espírito de Deus, permanece sobre vós.

Que ninguén de vós siga sufrindo por ser asasino ou ladrón ou mala persoa ou un entremetido; pero, se sofre por ser cristián, que non teña vergonza, máis ben que loe a Deus polo título que ten.

Palabra do Señor.

Aleluia Cf. Xn 14, 18

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Non vos deixarei orfos, di o Señor:
 voume e volverei onda vós
 e alegrarase o voso corazón.

Aleluia.

EVANXEO

Pai, glorifica ó teu Fillo

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 17, 1-11a

Naquel tempo, elevando os ollos ó ceo, dixo Xesús:

—«Pai, chegou a hora: glorifica ó teu Fillo, de xeito que o fillo te glorifique a ti; conforme lle deches poder sobre todo home, para que dea vida eterna a tódolos que ti lle deches. (E nisto consiste a vida eterna: que te coñezan a ti, o único Deus verdadeiro, e a quen mandaches, Xesús Cristo.)

Eu glorificeite na terra, rematando a obra que me deches a facer. E agora, Pai, glorifícame onda ti, coa gloria que eu tiña onda ti, antes de que o mundo existira.

Eu manifesteite ós homes que me escolliches do mundo. Eran teus, e déchesmos, e gardaron a túa palabra.

Agora coñecen que todo canto me deches vén de ti, pois entreguéille-las palabras que ti me encomendaches e eles recibíronas; coñeceron verdadeiramente que saín de onda ti, e creron que ti me mandaches.

Eu rógoche por eles; non che rogo polo mundo, senón polos que me deches, pois perténcenche; todo o meu é teu; e o teu, meu; e neles quedo eu glorificado.

Eu xa non vou estar no mundo; pero eles quedan no mundo, mentres que eu vou onda ti.»

Palabra do Señor.

DOMINGO DE PENTECOSTÉS

62.-

MISA DA VIXILIA

Estas lecturas úsanse na tarde do sábado, antes ou despois das primeiras Vésperas do Domingo de Pentecostés.

PRIMEIRA LECTURA

Chamóuselle Babel, porque alí embarullouse a lingua de todo o mundo

Lectura do libro da Xénese 11, 1-9

Daquela, toda a terra falaba unha soa lingua e usaba as mesmas palabras. Ó emigraren os homes desde o oriente, encontráronse nunha chaira, no país de Xinar, e estableceronse alí. Dixéronse uns ós outros:

—«Imos facer ladrillos e cocelos no lume.»

O ladrillo facíalles de pedra e o betume de cemento.

E nisto propuxeron:

—«Imos construír unha cidade e unha torre que chegue co cimo ata o ceo, e fagámonos un nome sonado, para non nos perder pola ancha face da terra.»

Baixou o Señor para ve-la cidade e a torre que os homes construíran, e pensou:

—«Aquí hai un pobo unido que fala a mesma lingua. Se empeza facendo isto, ninguén podería privalos desde agora de faceren o que lles veña á cabeza. Baixemos e embarullemos alí mesmo a súa lingua, de xeito que non se entendan uns cos outros.»

O Señor espallounos de alí por toda a terra, e deixaron de construí-la cidade. A esta chamóuselle Babel, porque alí embarullou o Señor a lingua de todo o mundo. Desde alí espallounos por toda a face da terra.

Palabro do Señor.

Ou:

Baixará o Señor diante de todo o pobo sobre o monte Sinaí

Lectura do libro do Éxodo 19, 3-8a. 16-20b

Naqueles días, Moisés subiu ó encontro de Deus, e o Señor chamouno desde a montaña para mandarlle dicir ós descendentes de Xacob, comunicarlles ós israelitas:

—«Vistes como tratei os exipcios, como vos levantei a vós sobre ás de aguia e vos acheguei a min. Se agora me obedecedes e gardáde-la miña alianza, seréde-la miña propiedade escolleita entre tódolos pobos, pois a terra é toda miña. Vós seredes para min un reino de sacerdotes, un pobo consagrado. Isto é o que lles has dicir ós israelitas.»

Moisés foi chama-los anciáns de Israel, para expórlle-las palabras que lle mandara o Señor. O pobo todo a unha respondeu:

—«Faremos todo o que dixo o Señor.»

Ó amencer do terceiro día houbo trebóns e lóstregos, e unha nube mesta cubría a montaña. A trompeta soou moi forte e o pobo no acampamento arrepiaba co medo.

Moisés fixo saí-lo pobo do acampamento, e levouno ó encontro de Deus. Quedaron todos en pé na aba da montaña. O monte Sinaí fumegaba todo porque o Señor baixara sobre el en medio de lume. Subía fume coma dun forno e toda a montaña tremía.

O son da trompeta facíase más forte, mentres Moisés falaba e Deus respondía polo trebón.

O Señor baixou sobre o monte Sinaí, ó seu cume, e chamou por Moisés, para que subise onda El.

Palabra do Señor.

Ou:

Ósos secos, infundiréivo-lo espírito e viviredes

Lectura do libro do profeta Ezequiel 37, 1-14

Naqueles días, a man do Señor veu sobre min e fíxome saír coa forza do seu Espírito, e púxome no medio do val, que estaba cheo de ósos.

Fíxome pasar diante deles dando voltas: e velaí que había moitísimos sobre a superficie do val, e estaban totalmente resecos. Entón díxome:

—«Fillo de Adán, ¿poderán revivir estos ósos?»

Eu repuxen:

—«Señor, ti sábelo.»

Logo díxome:

—«Pronuncia un oráculo sobre estes ósos e dilles: “Ósos resecos, escoitade a palabra do Señor: ‘Así lles fala o meu Señor, a estes ósos’: Velaquí: vou traer sobre vós o alento e reviviredes. Porei sobre vós tendóns e farei que criedes carne; cubriremos con pel, porei en vós o alento, e reviviredes. Entón recoñeceredes que eu son o Señor.”»

Eu pronunciei o oráculo tal como se me mandara; e mentres eu pronunciaba o oráculo, houbo un trono e logo un terremoto, e os ósos xuntáronse cada un co seu compañoiro.

Logo ollei e vin que sobre eles había tendóns, a carne ía medrando e a pel íasellos estendendo por riba. Pero non había neles alento. Logo díxome:

—«Pronúncialle un oráculo ó espírito, pronúncia, fillo de Adán, e dille ó espírito: “Así fala o meu Señor: Desde os catro ventos, ven, espírito, e sopra nestes cadáveres, para que revivan.”»

Eu pronunciei o oráculo, conforme me mandara. Entón o espírito entrou neles, e reviviron, e tíñanse de pé sobre as súas pernas: era un exército enormemente grande.

Entón díxome:

—«Fillo de Adán, estes ósos son a Casa de Israel enteira.

Velaquí o que din: “Os nosos ósos están resecos, a nosa esperanza está perdida; estamos esnaquizados.” Por iso, profetiza e dilles: Así fala o meu Señor: Velaí que eu vou abri-las vosas sepulturas, e vouvos facer subir das vosas sepulturas, meu pobo, e vouvos levar á terra de Israel. Recoñeceredes que eu son o Señor, cando eu abra as vosas sepulturas, e cando vos faga subir das vosas sepulturas, meu pobo. Vou poñer en vós o meu espírito e vouvos facer revivir na vosa terra. Así recoñeceredes que eu, o Señor, o digo e o fago —é o Señor quen fala—.”»

Palabra do Señor.

Ou:

Derramarei o meu Espírito sobre os meus servos e servas

Lectura do libro do profeta Xoel 3, 1-5

Así fala o Señor:

—«Despois disto sucederá
que verterei o meu Espírito sobre toda carne,
e os vosos fillos e mailas vosas fillas
converteránse en profetas.

Os vosos anciáns soñarán soños,
os vosos mozos verán visións.

Tamén sobre os servos e mailas servas
verterei naqueles días o meu Espírito.

Farei prodixios no ceo e mais na terra:
sangue, lume e columnas de fume.
O sol cambiarase en escuridade
e a lúa en sangue,
ante a chegada do día do Señor,
do día grande e terrible.

Pero sucederá que todo aquel que invoque o nome do Señor
se salvará,
pois no monte Sión e en Xerusalén será dado o perdón
—tal como o prometeu o Señor—
e tamén para os fuxitivos que chame o Señor.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial

Sal 103, 1-2a. 24 e 35c. 27-28. 29bc-30 (R.: cf. 30)

R.: Manda, Señor, o teu Espírito e renova a cara da terra.

Ou:

Aleluia.

Alma miña, bendí o Señor.

Señor, meu Deus, ti es moi grande,
vestido de gloria e maxestade,
envolto en luz coma nun manto. R.

¡Cantas son, Señor, as túas obras,
todas feitas con saber!
A terra está chea das túas criaturas.
¡Bendí a Deus, alma miña! R.

Todos agardan de ti
que lles botes comida ó seu tempo.
Cando a botas, atrápana;
ábre-la man, e fártanse de bens. R.

Retíra-lo teu alento, e expiran,
volvendo ó seu po.
Mánda-lo teu alento, e son creados
e renóva-la cara da terra. R.

SEGUNDA LECTURA

O Espírito intercede por nós con xemidos más fondos cás palabras

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos 8, 22-27

Irmáns:

Sabemos que toda a creación xeme e se reorce ata o momento presente con dores coma de parto. Máis aínda, nós mesmos, que témo-las primicias do Espírito, xememos dentro de nós, degorando pola filiación, pola liberación do noso corpo. Pois estamos salvos en esperanza.

Ora, a esperanza do que se ve non é esperanza, pois ¿como pode un esperar-lo que xa ve? Pero, se esperámo-lo que non vemos, degoramos con constancia.

Do mesmo xeito, tamén o Espírito acode a axuda-la nosa debilidade. Pois nós non sabémo-lo que debemos pedir como cómpre; pero o mesmo Espírito intercede por nós con laios inefables.

E o Deus que escruta os corazóns, coñece a intención do Espírito, pois El intercede polos crentes, conforme á vontade de Deus.

Palabra do Señor.

Aleluia

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Ven, Espírito Santo, enche o corazón dos teus fieis;
e acende neles o lume do teu amor.

Aleluia.

EVANXEO**Manarán ríos de auga viva**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 7, 37-39

No derradeiro día, o máis grande da festa, púxose Xesús de pé,
e gritou:

—«Se alguéén ten sede, que veña onda min e beba. Como di a Escritura, a quen cre en min abrollaranlle do seu ventre regueiros de auga viva.»

(Isto dicíao do Espírito que habían recibir cantos creran nel: pois aínda non había Espírito, porque Xesús non fora aínda glorificado.)

Palabra do Señor.

63.-

MISA DO DÍA

PRIMEIRA LECTURA

Quedaron cheos do Espírito Santo e puxéronse a falar

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos **2, 1-11**

Cando se cumpriron os días de Pentecostés, estaban todos xuntos no mesmo sitio. De súpeto, veu do ceo un ruído coma dun forte golpe de vento que encheu toda a casa onde estaban; e apareceron talmente coma linguas de lume, que, repartidas, foron pousando unha sobre cada un deles.

Quedaron cheos do Espírito Santo e puxéronse a falar noutras linguas, conforme lles concedía o Espírito.

Había daquela en Xerusalén xudeus piadosos de tódalas nacións da terra. Ó se producir aquel estrondo, xuntouse a xente e ficou moi desconcertada, porque cada un os sentía falar na súa propia lingua. Pasmados e admirados, dicíanllas uns a outros:

—«¡Olla! ¿E todos estos que están aí a falar non son galileos? ¿E logo como é que os sentimos falar cada un de nós no noso propio idioma nativo? Partos, medos, elamitas, xente da Mesopotamia, Xudea, Capadocia, Ponto, Asia, Frixia e Panfilia, do Exipto e da parte de Libia contra Cirene, forasteiros romanos tanto xudeus coma prosélitos, cretenses e árabes, sentimos falar nas nosas linguas das grandezas de Deus.»

Palabra do Señor.

Salmo responorial Sal 103, 1ab e 24ac. 29bc-30. 31 e 34 (R.: 30)

R.: Manda, Señor, o teu Espírito e renova a cara da terra.

Ou:

Aleluia.

Alma miña, bendí o Señor.
 Señor, meu Deus, ti es moi grande.
 ¡Cantas son, Señor, as túas obras!
 A terra está chea das túas criaturas. R.

Retíra-lo teu alento, e expiran,
 volvendo ó seu po.
 Manda-lo teu alento, e son creados
 e renóva-la cara da terra. R.

Gloria ó Señor por sempre,
 alégrese o Señor coas súas obras.
 Que El acolla o meu cantar
 e alegrareime eu no Señor. R.

SEGUNDA LECTURA

**A todos nos bautizaron nun único Espírito,
 para formarmos un único corpo**

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

12, 3b-7. 12-13

Irmáns:

Ninguén que diga: «Renegado sexa Xesús», fala movido polo Espírito de Deus; e ninguén é capaz a dicir: «Xesús é o Señor», se non é baixo o influxo do Espírito Santo.

Hai diversidade de dons, pero un mesmo Espírito. Hai diversidade de servicios, pero un mesmo Señor. Hai diversidade de realizacións, pero un mesmo Deus, que é quen realiza todo en todos.

A cadaquén dáselle a manifestación do Espírito para o ben común.

Porque igual que o corpo, sendo un, ten moitos membros e todos estes membros, con seren moitos, non fan más dun corpo: así tamén Cristo.

Porque a todos nos bautizaron nun único Espírito, para formarmos un único corpo: tanto xudeus coma gregos, tanto escravos coma libres. E a todos se nos deu a beber un único Espírito.

Palabra do Señor.

SECUENCIA

Ven, Espírito divino,
 manda a túa luz do ceo.
 Pai amoroso do pobre
 don, nos teus dons xeneroso,
 luz que penetra nas almas,
 fonte de todo consolo.

Ven, hóspede desexado,
 descanso do noso esforzo,
 tregua no duro traballo,
 brisa nas horas de afogo,
 gozo que as bágoas enxuga
 e reconforta na dor.

Entra ata o fondo da alma,
 divina luz, e enriquécenos.
 Mira o baleiro do home
 se Ti lle faltas por dentro,
 mira o que pode o pecado
 cando falta o teu alento.

Lava en nós todo o manchado,
 rega o árido e sedento,
 sanda as feridas do pobo;
 amolece o que está teso,
 pon calor onde hai friaxe,
 dános bo discernimento.

Reparte os teus sete dons
 segundo a fe dos teus servos.
 Segundo a túa bondade,
 dálle ó esforzo o teu premio,
 salva a quen busca salvarse
 e dáño-lo gozo eterno.
 Amén. Aleluia.

Aleluia

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Ven, Espírito Santo, enche o corazón dos teus fieis;
e acende neles o lume do teu amor.

Aleluia.

EVANXEO

**Como me mandou a min o Pai, así vos mando eu a vós:
recibide o Espírito Santo**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 20, 19-23

Naquel día, o primeiro da semana, ó serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús e, poñéndose no medio, díxolle:

—«Paz convosco.»

Dito isto, mostróulle-las mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor.

El díxolle outra vez:

—«Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.»

E dito isto alentou sobre eles, e díxolle:

—«Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoéde-los pecados, quedaranllas perdoados; a quen llelos reteñades, quedaranllas retidos.»

Palabra do Señor.

Cando o luns ou áinda o martes despois de Pentecostés son días nos que os fieis deben ou acostuman participar na Misa, pódense retoma-las lecturas do Domingo de Pentecostés, ou as da celebración do Sacramento da Confirmación, Lec. III, núms. 764-768.